

Proxecto EPÍSTOLA



Colección: Fondo: Lois Tobío no seu arquivo persoal

**Ficha documental da epistola de Ramón Otero Pedrayo, a Lois Tobío Fernández do
05/11/1961**

Colección:

Data: 05/11/1961

De:

Ramón Otero Pedrayo;

Para:

Lois Tobío Fernández;

Orixe:

Ourense (municipal), Ourense (comarcal), Ourense (provincial)

Destino:

José Benito Lamas, 2941 (de enderezo), Montevideo (local), Montevideo (departamental)

Ficha descriptiva:

[Carta manuscrita, con sinatura autógrafa e sen membrete].

Mencionados:

Xesús Canabal; Antonio Crestar; Aquilino Iglesia Alvariño; Sebastián Martínez-Risco y Macías;



[VER O DOCUMENTO ORIXINAL](#)

Transcripción da epistola de Ramón Otero Pedrayo, a Lois Tobío Fernández do 05/11/1961

Ourense 5-XI-1961

Sr. Dn. Lois Tobío
Montevideo

Meu querido amigo: Abrazos. ¿Porque na entrada do inverno e cunhas voltas por Sant Yago lémbrese un máis vivamente dos amigos?. Agardo letras de Vde sobre a Historia. Precísase un novo sistema e nova financiación. Eu entendereime directamente con Vde. Escribireille todos os meses. Noso amigo Sebastián M. Risco Macías tróuxome recados e indicaciós. Hoxe limitareime a tres probremas:

O estudo de Aquilino Iglesia –q.D.t.– pode servir con algunha demudanza no tono que non caia na pura doutrina e teoría. Nisto estaba o propio Aquilino conforme. Aseguroumo xa no vran saíndo da catedral falando entramos na Quintana e na Rúa Nova e houberao il feito de non o coller de sutoque a morte.

Pra o grande mapa de Galiza compre saber o formato do volume. Si me di con xusteza as dimensios e outras notas de acomodamento mándase facer o Instituto Geográfico pidindo diante presuposto.

As modificaciós no traballo de Aquilino debíaas facer Vde que está en xornaleira relación co senso e espírito dos emigrados, de isa rexa Galiza. Pois coido que debe ire no principio da obra.

Eu teño 73, case 74 anos, con enerxia de abondo pero amingoadada pola doenza da perna esquerda e tamén –entre vellos amigos pódese dicir– pola merma económica que supón a xubilación da cátedra e o cativo prodoito do capital en terras. Hoxe só é sentimento ó que me cingue os eidos herdados que non deixarei como non teña moita precisión. Hai que pensar noutro director mais novo e proveitoso. Farei e sigo traballando no meu XVIII e XIX.

Saudos a Canabal e sua boa xente. Escribireille. E a Crestar. E na sua casa.

Sempre o vello amigo

R. Otero Pedrayo [sinatura autógrafa]

Aviso legal do Consello da Cultura Galega

A difusión dixital deste epistolario e os seus contidos, textos e calquera creación intelectual existente nesta edición están protexidos pola lexislación en materia de propiedade intelectual.

De conformidade co previsto na Lei orgánica 1/1982, do 5 de maio, sobre protección civil do dereito ao honor, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe, quen entenda que os contidos deste epistolario poidan supor unha intromisión ilexítima nos seus dereitos deberá poñelo en coñecemento do Consello da Cultura Galega a fin de adoptar, de ser o caso, as medidas oportunas.

O acceso e uso da edición dixital do Epistolario implica o coñecemento e plena aceptación destas condicións.

Colección "Fondo Fundación Luís Seoane":

A difusión dixital deste epistolario realízase ao abeiro do convenio suscrito polo Consello da Cultura Galega e pola Fundación Luís Seoane con data 4 de decembro de 2008, polo que ambas as dúas institucións comparten a súa titularidade.

A Fundación Luís Seoane, como única depositaria do legado deste persoeiro galego, é a propietaria das cartas deste epistolario, que está integrado tanto pola correspondencia recibida por Luís Seoane como pola remitida por el a outros destinatarios.

Consultas e colaboracións:

Se posúes ou coñeces a existencia de fondos epistolares ou se consideras algunha suxestión sobre as cartas agradecemos a túa colaboración en epistolarios@consellodacultura.gal ou no teléfono 981957208.